

| Copia este texto cos puntos e as maiúsculas necesarios. Obterás catro oracións.

Ana e mais eu estamos xuntas na clase ela ten os ollos verdes e o pelo negro e liso é moi simpática e divertida ademais, sempre me axuda cando non entendo algunha cousa

| Escribe os signos de puntuación que faltan nestas oracións.

- Que calor vai hoxe
- Mariña ten unha letra moi bonita
- Quen che deu este papel
- A cova é moi escura. Que medo dá

Subliña de vermello os pronomes persoais tónicos e de verde os átonos.

- María quere que lle faga unha coleta coma a que levo eu.
- A nós gústanos moito ir á montaña.
- Eles chegaron tarde ao concerto porque se perderon.
- Vós anotástesvos para a excursión do sábado?
- Brais sempre di que a el non lle dá medo nada.



Substitúe as palabras destacadas por pronomes tónicos.

- **Iria e Noa** chegaron antes ca **ti e Antón**.

- **Alberte e mais eu** fomos ao río con **Xacobe e Breixo**.

- **Cibrán** non pode vir se **Paula** non o trae.

Clasifica os seguintes determinantes nos ocros correspondentes do cadro.

o	primeira	moitos	este	aquelas	miña
uns	teus	algunhas	as	vinte	unhas



Artigos		Demostrativos	Posesivos	Numerais	Indefinidos
Det.	Indet.				

Escribe a forma do artigo determinado (o, a, os, as) que resulte adecuada en cada caso.

- _____ camiño
- _____ labores
- _____ arte
- _____ crise
- _____ dínamo
- _____ amigos
- _____ diadema
- _____ verán
- _____ pés
- _____ análises


Completa as oracións con formas do artigo determinado (o, a, os, as) ou do artigo indeterminado (un, unha, uns, unhas).

- Ao producirse aquel suceso, _____ xornalistas chegaron ao lugar para informar.

Un deles, _____ reporteiro, entrevistou algunhas persoas.



Le este texto sobre a comunicación dalgúns animais e resolve as cuestións posteriores.




A comunicación dos animais

A comunicación verbal é unha forma de transmitir información exclusiva dos humanos. Os animais tamén transmiten información, pero non usan a comunicación verbal. Daquela, como fan? Pois, fundamentalmente, empregan sinais visuais e acústicos. As abellas, por exemplo, indícanlles ás compañeiras a localización dunha flor mediante unha danza. O tipo de movementos e a súa duración informan da proximidade ou afastamento da flor e da súa situación respecto ao sol. Os golfinhos, pola súa parte, combinan sinais visuais (saltos de diferentes tipos) e acústicos (emiten unha gran variedade de sons, como chios, ronquidos...).

- Que tipo de sinais empregan as abellas para comunicarse? _____


- Que tipo de sinais utilizan os golfinhos? _____
- Que diferenza hai entre o xeito de transmitir información dos humanos e o dos animais?
Explicao comparando os elementos que usan uns e outros para comunicarse.

Relaciona estes elementos e coñecerás outros sistemas de comunicación utilizados polas persoas.




braille

Sistema de escritura en que os conceptos se representan por medio de debuxos.



escritura xeroglífica

Código baseado en xestos e sinais visuais feitos coas mans e con outras partes do corpo.



lingua de signos

Sistema de escritura en que as letras se representan con puntos en relevo, o que permite que os cegos as lean a través do tacto.

Escribe unha oración con cada un destes termos en que se aprecie o seu significado. Usa o dicionario se o precisas.

fero / ferro

choro / chorro

cero / cerro

careta / carreta

os substantivos rematados en *-l*. Despois, escribe correctamente o plural dos nomes que se propoñen.

Os polisílabos agudos rematados en *-l*, cambian o *-l* por *-is*.

Os monosílabos e polisílabos graves rematados en *-l*, engaden *-es*.

- animal ► _____
- xel ► _____
- réptil ► _____
- mísil ► _____
- cónsul ► _____
- ril ► _____

- col ► _____
- candil ► _____
- anel ► _____
- actual ► _____
- aerosol ► _____
- azul ► _____

